

*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba e se fai pública a relación provisional de solicitudes de comisións de servizos, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral, admitidas e excluídas de conformidade coa Orde do 15 de abril de 2019, código de procedemento ED010A,(DOG nº 82, do 30 de abril)*

Consonte co disposto no artigo 10 da Orde do 15 de abril de 2019 pola que se regula a adscrición de forma temporal, en comisión de servizos e por petición da persoa interesada, do persoal funcionario dos corpos docentes e do persoal laboral docente que imparte docencia en centros dependentes da entón Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral, e de acordo co informe preceptivo da comisión de valoración, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no uso das facultades delegadas pola Orde de 29 de xullo de 2022 (DOG nº151, do 9 de agosto),

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer público no Anexo I desta resolución a relación provisional de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral admitidas e excluídas do corpo de mestres.

Segundo. Aprobar e facer público no Anexo II desta resolución a relación provisional de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral admitidas e excluídas dos corpos de secundaria.

Terceiro. Aprobar e facer público no Anexo III desta resolución a relación provisional de solicitudes de comisión de servizos en atención a situacións de conciliación da vida familiar e laboral admitidas e excluídas do persoal laboral docente de relixión.

Cuarto. Contra esta resolución provisional, as persoas interesadas poderán formular alegacións, no prazo de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no portal de Internet desta consellería <https://www.edu.xunta.gal>, por medios electrónicos, mediante o trámite *Alegacións* activado no procedemento normalizado ED010A.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

